

Manuela Gómez Marínez

DE CAMIÑO Á IGREXA

Actualidade

Imos pisando o asfalto ao son das gaitas e a percusión, este ano, coma sempre, somos menos que o anterior. Chéganme á memoria aqueles tempos nos que o camiño era duro, de terra con pedra esmagada, “murrillo” como lle chamabamos nós. Hai 60 anos o percorrido lindaba con diferentes terreos, tanto de cultivo como de árbores e toxos que aproveitaban os veciños de Montrove para botar na corte dos animais; Hoxe en día este é un espazo protexido, protexido polos xabarís! Esbocei un sorriso e agarrei forte o soporte de madeira que levabamos entre os catro. Ao mirar a ofrenda, o tradicional “ramo”, abarrotáronseme os ollos de emoción, sempre foi e seguirá sendo polo tempo que me quede, o día máis especial do ano.

Chámome Ubaldo Ríos e pasei a metade da miña vida en Venezuela, viaxei alá nunha época de auxe petrolífero do país, a man de obra barata era necesaria. Débolle moito a aquela terriña á que tanto me custou chegar si, pero as miñas raíces están aquí, entre os toxos que aínda quedan no camiño.

21 de Decembro de 1952

Xa amencera cando petei na porta de Manolo, escoitei como baixaba as escaleiras de madeira con impaciencia ao mesmo tempo que unha sensación de angustia me queimaba por dentro, quería escapar de alí, esta clase de favores non se lle piden a ninguén, e menos a unha persoa que xa nos ten axudado tanto... Non só a min, á miña familia.

- Ubaldo, que alegría! Xa me contaron que me ías facer unha visita, pasa, pasa.

Ao sentar na cadeira, craváronse as súas meniñas nas miñas, era evidente

que xa notara algo estraño en min. Como di meu pai, cando o medo che aperta as vísceras non hai maneira de ocultalo. Canta razón ten. Agarreime cunha man a outra e comecei a explicación:

- Verás, Manolo... ti xa sabes tan ben coma min que eu neste pobo non teño nada que facer.
- Non digas parvadas Ubaldiño, queres un café?
A min tremíame o corpo todo e el sabíao-
- Non grazas.
- Pois daquela tomamos unha cascarilla, vai frío e mira como vés!
- Deixa estar... Só quero que me escoites, senta.

Manolo tñíame moito aprecio por ser fillo de quen era, dende pequenos el e o meu pai compartiron momentos de fame e miseria, sempre xuntos, ata que a guerra os separou, meu pai republicano e el sancristán.

- Non. -Soltei por fin con firmeza cando marchaba pola cascarilla- Quero que me escoites. Xa todos falan das cartas que lle atoparon a papá, nelas intúese a súa relación con Casares Quiroga. - Mirei a Manolo aos ollos, e proseguín máis calmado- Coñeces moi ben o pouco aprecio que nos teñen neste pobo, os de Abente xa non nos alugan as leiras, xa non nos queda nada, quero marchar.

A cara de Manolo tornouse comprensiva, os seus ollos compadecíanse de min, só tiña 18 anos, e el moito camiño andado, sabía ao que me enfrentaba .

- Os meus sempre loitaron por Galicia e a República, pero agora de iso non queda nada.

Manolo mandoume calar, separoume as mans e deixou entre elas o que eu viñera a buscar, as chaves da igrexa de Liáns. Dinlle unha aperta, e prometín compensarlllo o antes posible.

Moito pensei aquela tarde se estaba a facer o correcto, sabía que sen a

autorización do cura non podería marchar, e Don Antonio non ía dar o seu brazo a torcer. O cura tiña un corpo imponente, era robusto e alto, algo que se esaxeraba co seu bonete de catro cornos, metía medo o seu vestiario de tea negra escura coma á noite. A única vez que tentara falar con el, non obtivera resposta pola súa boca pero si polos seus ollos inquisidores que me faltaban dun primeiro aviso.

Xa pasaran os tempos nos que as acusacións dos veciños eran habituais. Papá tenme contado moitos casos que ocorreran aquí, en Oleiros. Cando rematou a guerra, os sospeitosos de traizón contra o réxime eran fusilados polos falanxistas. Estes recoñecíanse ben pola súa camisa azul adornada por unha cruz de frechas bordada en vermello, petaban á porta e dicían: “ten que vir declarar”, ese era o convite ao inferno. Ao día seguinte aparecía fusilado en calquera cuneta. moitos teñen aparecido no camiño de Bastiagueiro!

Os tempos cambiaron, os falanxistas xa non son os que petan á porta, agora é a Garda Civil, e a morte non é tan rápida, lévante a Santo Antón ou á cárcere da Torre na Coruña, tardan máis en fusilarte.

A costa da igrexa é dura, intento ir deixando o temor atrás, os zocos pisan con forza o *murrillo*, pero o medo volve. A lúa chea alumea o camiño que me queda por andar, procuro non facer ruído e escoitar o bater do vento nas árbores, imponente e salvaxe bosque tragado pola escuridade da noite, fálame, dime que fuxa. Escoito tamén a miña respiración, a cada paso, máis axitada, e o meu corpo que só quere ficar inmóbil.

Xa deixara o cruceiro atrás cando os ladridos duns cans me puxeron en alerta, mirei ao meu redor buscando refuxio e corrín cara á cuberta de pedra que nos protexe da choiva os días de enterro. Os ladridos estaban cada vez máis preto daquela comprobei que a porta da “cuchuriza” estaba aberta e fiquei alí, no mesmo sitio no que o doutor Baldomero abre os corpos dos mortos antes da sepultura buscando a orixe da súa morte.

Os ladridos comezaron a alonxarse atraídos polos berros dos seus donos. Sabía que tiña que ser rápido e silencioso.

Cando deixei de escoitar os cans dirixinme á imponente igrexa de Liáns. Coas mans frías palpei no peto a enorme chave de ferro que me dera o meu amigo e tanteei tembloroso a pechadura . O eco do interior fixo resoar o son da chave. Entrei alí, na total escuridade.

A igrexa está rodeada polas sepulturas dos mortos, moitos deles de enfermidade: sarampelo, varíola, gangrena (a causa do pensamento de algún de curar as feridas con terra ou teas de araña) e outros asasinados polo réxime ou pola guerra. Fóra do recinto, á dereita, hai un camiño de lama que leva ás tumbas dos aforcados, arrimados e sen bautizar. Á esquerda da igrexa están enterrados os Montoya, os catro xitanos asasinados o 1 de outubro de 1936, entre eles, Manuel Jiménez Montoya aos 14 anos.

Os meus ollos trataron de afacerse á escasa luz que entraba polas ventás. Camiñei cara adiante entre as bancadas ate dar cos candís de aceite e prendín un cun dos mixtos que trouxera. Xa dentro da sacristía acerqueime á mesa de madeira na que Don Antonio acuñaba os documentos e abrín a carpeta que estaba pousada enriba, con présa e atormentado rebusquei entre todas aquelas follas coa esperanza de atopar a miña.

Alí estaba. A tenue luz do lume fíxome reparar nun desafiante Santo que observaba dende a altura como acuñaba o papel, a súa sombra bailaba ao ritmo do tremor da man que suxeitaba o candil. Escoitei un primeiro ruído e quedeime teso, pensei que sería invención do medo pero pronto esoitei o segundo e o terceiro que proviñan de fóra da sancristía, cada un máis forte que o anterior, busquei refuxio e cando o atopei apaguei o candil.

Non vía nada alí dentro, permanecín un longo tempo morto de medo naquel armario até que o silencio volveuse a apoderar do lugar. Cando considerei saín do

moble e deixei atrás a mesa e o santo para tentear a porta que daba á nave central, abrina lentamente.

Todo permanecía escuro en silencio até que din o primeiro paso, foi nese intre no que a ladroa pasou diante de min cómplice e marchou por un oco do tellado, aquela curuxa viñera de noite coma min, a roubarlle ao cura, non deixou ningún candil con aceite. Agora, coma ela, eu tamén ía escapar.

Actualidade

Soltei o soporte e cedínlo ao meu bisneto para que entrara co ramo na igrexa, eu non volvera a pisar unha dende 1952, aproveitei o momento da misa para achegarme á tumba do meu ben querido amigo Manolo, nunca lle compensara o que fixera por min, dinlle as grazas como todos os anos cando veño a Galicia coa familia.

Soaba “ O Alzar”, a peza que toca o grupo gaitas Santaia no momento no que o cura sobe o cáliz, mirei ao meu redor, canto cambiara todo aquilo... O camiño que levaba ás tumbas dos desprezados xa non se intuía entre a maleza e as pampas salvaxes. Xa ninguén recordaba ás persoas enterradas nas tumbas máis antigas, estaban sendo tragadas pola terra até desaparecer. A parroquia de Liáns crecera tanto que se fixeran 3 cemiterios máis, un a carón do outro, todos con lápidas de pedra gravadas coa esperanza de non seren esquecidos, semellaba un almacén de mortos.

-Cando morra quero volver aquí. -Díxenlle á miña filla cando me decatei da súa presenza- Quero que me enterredes a carón de Manolo, eu quero descansar baixo a terriña da Igrexa de Liáns.